

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 25/11/2021

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista non asistentes

-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL

ROSA M^a OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/11/2021, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de outubro de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de outubro de 2021.
3. Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021)
4. Aprobación, se procede, do Manifesto do 25 de novembro, do Consello Local da Muller polo Día Internacional contra a violencia de xénero.
5. Aprobación, se procede, da concesión da Medalla da Cidade, na categoría de Medalla de Ouro ao Club Arosa SC
6. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Polo Clima e a Enerxía sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa.
7. Aprobación provisional, se procede, do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.

8. Aprobación, se procede, do convenio entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e o Concello, así como da posta a disposición do SERGAS da utilización da parcela da antiga Comandancia de Mariña
9. Aprobación, se procede, da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa, á rede de cidades pola bicicleta, así como ao sistema de rexistro de bicicletas
10. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre a adhesión do Concello á iniciativa “Municipios contra o maltrato” de Antena 3 e Fundación Mutua Madrileña
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a actualización do inventario de bens e dereitos e a reorganización dos locais municipais
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a mellora da sinalización viaria horizontal
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre información do tráfico rodado e o mercado no entorno da Praza de Abastos
15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE OUTUBRO DE 2021.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación á acta de 28 de outubro de 2021.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (16 de 21) a acta da sesión anterior de data 28 de outubro de 2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2021: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

3 Expte. Modificación de crédito por xeración

3 Expte. Modificación de crédito por transferencia de gastos

1 Autorización Festas en vilaxoán

2 Alegacións expedientes sancionadores de tráfico

1 Concesión permiso sen soldo a profesor do CMUS

1 Pagamento Plan de Pensións setembro 2021

1 Nomeamento Comisión selección 6 prazas de Auxiliar Administrativo

1 Corrección erro importe servizos prestados en domingo nomina setembro

1 Nomeamento persoal funcionario en prácticas categoría oficial

1 Taxa publicación anuncio no DOG

1 Axuda empregados municipais

2 Dedución de haberes ausencias non xustificadas

1 Pago vacacións non gozadas por permiso maternidade

2 Substitución posto de categoría superior

1 Aboamento servizos prestados en festivos, domingos e noites

9 Nomeamento funcionario interino por substitución

26 Estimación/deseestimación beneficios fiscais no IVTM

61 Estimación/deseestimación Taxas e Prezos públicos

2 Estimación IAE

13 Estimación/deseestimación IIVTNU

1 Estimación ICIO

25 Estimación/deseestimación compensación de débedas

18 Estimación/deseestimación IBI

3 Estimación rateo no IVTM

10 Estimación liquidacións e baixas

2 Estimación pagos duplicados

7 Estimación recibos

1 Pago xuros outubro

3 Pago préstamos

1 Exención IBI

10 Pago Expedientes Intervención

4 Pago Expedientes Tesourería

8 Estimación liquidacións e baixas

3 Licenza legalización de obras

2 Licenza vao permanente

2 Reposición da legalidade urbanística

4 Recurso contencioso administrativo

7 Ineficacia de comunicación previa para obras

4 Licenza para obras de acometida e/ou conexión á rede de auga e/ou saneamento

9 Licenza para obras de ampliación na rede eléctrica ou de telecomunicacións

20 Licenza de obras

2 Licenza de segregación

32 Comunicación previa obras

3 Deber de conservación

2 Comunicación previa cambio de titularidade actividade

1 Comunicación previa inicio de actividade

1 Prórroga para remate obras

1 Aprobación definitiva proxecto de urbanización

TOTAL 319

O Concello Pleno queda sabedor

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=2>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2021). Dáse conta do dictame emitido pola comisión informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de obras e Servizos, así como dos importes concedidos:

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada á Deputación Provincial	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención
Programa de axudas aos sectores máis desfavorecidos pola situación pandémica.	LIÑA 2/POS 2021	200.000,00 €	109.191,98 €	Fondos propios: 90.808,02 € XGL: 05/07/2021
Limpeza das instalacións deportivas municipais nas que se desenvolve actividade Deportiva.	LIÑA 2/POS 2021 - Actividades	6.000,00 €	6.000,00 €	R.P. Fundación de Deportes 15/03/2021

A Comisión Informativa queda sabedora

O Concello queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=3>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO 25 DE NOVEMBRO, DO CONSELLO LOCAL DA MULLER POLO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 25 de novembro de 2021 do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Mullero, do seguinte teor:

MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER POLO DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. 25N - 2021

Outro 25N, a través do Consello Local da Muller, Vilagarcía de Arousa manifesta o seu profundo rexeitamento ante as violencias machistas e o compromiso da sociedade vilagarcía para acabar, dunha vez por todas, coas agresións e as múltiples discriminacións que padecemos as mulleres polo feito de selo. Facémolo tras case dous anos dunha terrible pandemia que puxo de manifesto algunhas cuestións que xa sabíamos pero que sigue sendo importante salientar:

En sociedades como as nosas nas que, tradicionalmente, as mulleres desempeñamos as labores relacionadas cos coidados, é tamén sobre nós que recae un maior peso e responsabilidade ante situacións de vulnerabilidade social como a que viñemos de vivir. Mentres moitas persoas nos confinábamos, as caixeiros, as dependentas, as sanitarias, as traballadoras das residencias, as conserveiras, as que traballan a terra, as coidadoras e moitas outras mulleres intensificaron o seu traballo para que o mundo seguira en marcha. A precariedade laboral e a falta de recoñecemento social dos sectores feminizados e as labores de coidados é unha forma normalizada de discriminación e violencia contra as mulleres coa que debemos rematar. A pandemia, ademais, puxo de manifesto a importancia das nosas casas como espazos de protección. Sen embargo, cabe recordar que a violencia de xénero furta esa posibilidade a moitas mulleres ao converter os seus fogares en espazos nos que se exerce a violencia. O dereito á vivenda é ineludible se queremos garantir unha saída ás mulleres que viven en situación de violencia machista.

Só o correcto diagnóstico dunha sociedade consciente da dimensión e os efectos que a violencia machista exerce sobre as mulleres en particular e sobre a sociedade no seu conxunto, nos permitiu acadar importantes avances nos últimos anos. Precisamente agora que vemos como comezan a espallarse discursos negacionistas e que cuestionan a necesidade das políticas de igualdade, debemos defender os consensos que promoveron estes avances e insistir en que só a través do consenso e a implicación activa da sociedade acabaremos coas violencias machistas. Porque seguen existindo mulleres que conviven coa violencia no seu día a día.

Segue habendo mulleres atravesadas por distintas opresións como a raza, cultura, orientación sexual, identidade de xénero, clase social, discapacidade e outras condicións que dificultan o seu desenvolvemento e autonomía vital.

As agresións sexuais, o abuso, o acoso e a cousificación continúan a ser formas habituais de dominación e violencia que os homes exercen sobre as mulleres. A trata e a explotación sexual

deben ser erradicadas con políticas que protexan e ofrezan alternativas de vida dignas ás mulleres vítimas deste tipo de violencias.

Hai homes que exercen a violencia e dominación das mulleres a través dos seus fillos e fillas sen que as leis os protexan. Precisamos que se recoñezan estas violencias e se poñan os dereitos dos nenos e nenas no centro. Ningún maltratador pode ser un bo pai.

A fenda salarial, o chan pegaxoso e o teito de cristal son condicións de desigualdade que nos limitan. O control dos recursos económicos das mulleres segue sendo habitual. A violencia obstétrica e as dificultades para o acceso á interrupción voluntaria do embarazo dende o sistema público de saúde, constitúen unha clara vulneración dos nosos dereitos reprodutivos. A pobreza menstrual existe.

Queremos manifestar que ningunha violencia é pequena para quen a sofre.

Como dicíamos son moitos os avances, pero, lamentablemente, as veces vemos como as violencias e o patriarcado se replican tamén na xente moza. Fronte a quen quere impoñer limitacións e pin parentais, reivindicamos a educación en igualdade como a ferramenta fundamental para a transformación definitiva desta sociedade. Só así formaremos a mulleres empoderadas e libres, e homes que saiban recoñecer como se exerce a violencia para poder evitala.

Os Concellos, como institucións máis próxima á veciñanza, xogan un papel fundamental de acompañamento e facilitación de recursos para as vítimas de violencias machistas. O traballo dos CIM é vital para que moitas mulleres poidan saír das situacións de violencias. Ademais, o Concello debe fomentar e involucrar ao conxunto de actores municipais e á veciñanza para que asuman un rol activo na erradicación das violencias e as desigualdades. Dende o Consello Local da Muller, pedímoslle a todas as forzas políticas de esta corporación que non se conformen e desenvolvan cada vez políticas máis valentes, sucubindo así o compromiso de que só avanzando consolidaremos os dereitos acadados e os estenderemos ás mulleres que faltan.

Porque a igualdade só será efectiva cando se garantan todos os dereitos a todas as mulleres.

Por último, dende o Consello Local da Muller solicitamos á Corporación Municipal que apoie este Manifesto traballando para facer realidade as propostas que nel se fan a nivel do local e que se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 25 de Novembro ás 12,00h.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Todas as persoas representantes dos grupos políticos municipais informan favorablmente.

En consecuencia, por unanimidade, informase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller polo Día Internacional contra a violencia de xénero 25N-2021.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (16 de 21)

ACÓRDASE: aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller polo Día Internacional contra a violencia de xénero 25N-2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA MEDALLA DA CIDADE, NA CATEGORÍA DE MEDALLA DE OURO AO CLUBE AROSA SC.- Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da resolución da Alcaldía de iniciación de expediente para a concesión de medalla da cidade na categoría de Medalla de Ouro ao Clube Arosa SC e nomeamento de xuíz instructor ao Concelleiro Delegado de Educación e Deportes D. Argimiro Serén Mera.

Dáse conta da proposta do Xuíz Instructor, do seguinte teor:

PROPOSTA DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA CIDADE Á ENTIDADE “AROSA, SOCIEDADE CULTURAL”

Vilagarcía de Arousa, 18 de novembro de 2021

O Regulamento de Protocolo e Cerimonial do Concello de Vilagarcía de Arousa, no seu Título Segundo, artigo terceiro, establece a posibilidade de outorgar a Medalla de Ouro da Cidade .para premiar ou recoñecer méritos extraordinarios que concorran en persoas ou entidades, tanto internacionais, nacionais, autonómicas como locais, por prestar servizos ou dispensado honras ou beneficios culturais ou sociais á cidade.

Á vista da traxectoria do Arousa Sociedade Cultural, parecen máis que evidentes os méritos desta entidade para ver recoñecida a súa labor despois de teren cumpridos 75 anos prestando servizos e dispensando honras e beneficios sociais á cidade. A causa da pandemia, nin o club nin a cidade puidemos celebrar esta efeméride como se merece, pero agora que o peor parece que xa ten pasado, é o momento de facer público recoñecemento do club, coincidindo, ademais, cunha nova xesta: o ascenso á Segunda División da Real Federación Española de Fútbol.

Como é ben coñecido, o Arousa SC naceu en 1945. Aquela primeira directiva que presidiu Manuel Porto con Celso Callón como vicepresidente, Ramón Lapidó como secretario e Amando Quintela como tesoureiro, tivo por diante un reto: crear un equipo de fútbol representativo da cidade e, ao tempo, honrar a longa tradición deportiva de Vilagarcía, que comezara con aquelas demostracións dos mariños ingleses e, por influencia destes, cos primeiros equipos, uns federados e outros non, que xurdiran nos primeiros anos do século XX.

Sen nin sequera disputar o seu primeiro partido, aquela primeira directiva xa logrou o primeiro dos moitos éxitos que verían despois: o aluguer dun predio na Lomba ata entón dedicado ao cultivo do millo, propiedade de Desamparados Barrio. Ese foi a orixe do actual estadio, de propiedade municipal. En boa parte derivada daquela decisión naceu tamén a urbanización da contorna, primeiro coa construción das casas para funcionarios e despois coa levantamento dos colexios públicos. Todo arredor dunha avenida, a de Matosinhos, cuxo nome ratificou o irmandamento entre esta cidade e Vilagarcía. Un irmandamento que, é preciso subliñar, tivo tamén a súa orixe no fútbol, polas relacións entre o Arousa e o Leixoes.

Ao longo destes 75 anos, o Arousa tivo tempo de converterse no club de referencia en Galicia da Terceira División, ao ser o equipo que máis anos ten militado nela, aínda que por sete tempadas participara na Segunda División B e unha máis, a de 1949-50, só tres anos despois da súa fundación, na Segunda División. Nese tempo, polo equipo principal do Arousa pasaron máis de 800 xogadores e algo máis de 60 adestradores. Moitos foron vilagarcíans, pero moitos máis viñeron de fóra para terminar converténdose en embaixadores da nosa cidade e outros, nuns vilagarcíans máis, establecendo aquí os seus negocios e mesmo creando as súas familias.

Neses tres cuartos de século, pola directiva pasaron preto de 25 presidentes e máis de 300 directivos. É dicir, vilagarcíans que, ademais de atender aos seus traballos e ás súas familias, sempre atoparon tempo para dedicarse ao seu club e á súa cidade, algo non sempre agradecido. Porque ser directivo é algo máis que desfrutar dun partido cada domingo: tamén é buscar patrocinadores, fomentar o deporte entre os miles de rapaces que durante todos estes anos formaron parte da súa canteira, encargarse da lavandería, levar a administración da sociedade e ata, moitas veces, facer de taxista.

Daquela semente de finais do século XIX e principios do XX naceu o Arousa SC. E da semente deste, xunto coa que porían despois o Liceo Marítimo e o Club de Mar, por citar dous exemplos ben significativos, nacería o que é hoxe o deporte vilagarcían, no que, afortunadamente, hai dúcias de clubs das máis diversas disciplinas e miles de veciños e veciñas practicando o seu deporte preferido, pero tamén referentes do deporte nacional e incluso internacional, e tamén torneos que expanden o nome da cidade por España, por Europa e polo mundo.

En consecuencia, á vista do Regulamento de Protocolo e Cerimonial do Concello de Vilagarcía de Arousa e tendo en conta todos os méritos adquiridos polo Arousa Sociedade Cultural dende 1945, consideramos que está máis que xustificada a concesión da Medalla de Ouro da Cidade á esta entidade, o que así propoñemos ao pleno da Corporación.

Argimiro Serén Mera

Concelleiro delegado de Educación e Deportes

Instrutor do expediente por delegación da Alcaldía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da concesión da Medalla de Ouro da Cidade ao Club Arousa SC.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (16 de 21)

ACÓRDASE: Outorgar a Medalla da Cidade na categoría de Medalla de Ouro ao Club Arousa SC.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE DO

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta de Resolución da directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, por delegación da Conselleira de Medio Ambiente, de concesión de axuda convocadas pola Orde do 26 de xaneiro de 2021, cofinanciadas polo fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 pola que se acorda conceder a este Concello unha axuda de 10.998,90 euros para a asistencia técnica na elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES).

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 25 de febreiro de 2021 adoptou por unanimidade o acordo de adhesión ao Pacto das Alcaldías que leva aparellado a elaboración dun Plan de acción para a Enerxía Sostible e o Clima no prazo de dous anos dende a sinatura oficial do Pacto.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 18 de agosto de 2021, acordou adxudicar os traballos de asistencia técnica para a elaboración do PACES á empresa INOVALABS DIGITAL S.L.

Pola citada Empresa redactouse o Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa, que conta de:

- Índice de ilustracións
- Índice de Táboas
- Sete capítulos
- 1 Anexo.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación a aprobación do Plan de Acción polo clima e a enerxía sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta que foron corrixidos os erros existentes nas páxinas 15, 16, 17 e 18 do Plan de Acción.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Plan de Acción polo clima e a enerxía sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e tres abstencións dos Concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP (3).

ACÓRDASE Por maioría aprobar o Plan de Acción Polo clima e a enerxía sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa, elaborado pola Empresa INOVALABS DIGITAL, SL.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Conselleira Delegada dos Servizos Sociais, do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Dende o Departamento de Servizos Sociais procedeuse á elaboración do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.

O devandito Regulamento consta de oito capítulos e 31 artigos, así como unha introdución e un anexo ao final, que ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, concebida como un servizo público e

espazo privilexiado onde asenta a educación e que responda ás necesidades das familias e á conciliación da vida familiar, persoal e laboral; xunto coa procura da mellora constante das relacións entre a dirección da Escola, os pais, nais, tutores/as ou representantes legais, os/as educadores/as e a administración titular do centro, así como o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións de uso.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e un dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor tras a nova publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Vilagarcía de Arousa, 17 de novembro de 2021.

A CONCELLEIRA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS,
Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.

- Polo voceiro do grupo político municipal de Ciudadanos presentase a seguinte emenda:

Art. 21.2 enfermidades:

. Engadir: enfermidade infectocontaxiosa avalada polo SERGAS.

- Polo voceiro do grupo político municipal de Vilagarcía en Común presentase a seguinte emenda:

- Art. 21.8 A lingua:

- Engadir: Lingua galega (preferentemente).

- Pola voceira do PSde G-PSOE acéptanse unicamente as emendas citadas.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde o regulamento coas modificacións relativas ás emendas presentadas polos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Ciudadanos, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (16 de 21)

ACÓRDASE

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal.

SEGUNDO: Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente obxecto da proposta no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e un dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial deste, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción do novo acordo do Pleno Municipal que así o declare, de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da L.R.B.R.L.

TERCEIRO: Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, haberán de ser publicados

no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e entrarán en vigor tras a nova publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación expresa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO ENTRE A AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA E O CONCELLO, ASÍ COMO DA POSTA A DISPOSICIÓN DO SERGAS DA UTILIZACIÓN DA PARCELA DA ANTIGA COMANDANCIA DE MARIÑA.- Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA E O CONCELLO, ASI COMO DA POSTA A DISPOSICIÓN DO SERGAS DA UTILIZACIÓN DA PARCELA DA ANTIGA COMANDANCIA DE MARIÑA.

Dáse conta do Convenio a subscribir entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e o Concello para a utilización da parcela da antiga Comandancia de Mariña.

A Autoridade Portuaria autoriza a ocupación de parcela durante o prazo de 50 anos, así como a demolición das edificacións actualmente existentes na parcela para que posteriormente o Servizo Galego de Saúde constrúa un novo edificio con destino a Centro de Saúde.

Por outra parte, o Concello debe poñer a disposición do SERGAS a utilización e ocupación da parcela citada, en virtude dos compromisos adquiridos con ese organismo.

Polo exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o Convenio entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e o Concello para a utilización da parcela da antiga Comandancia da Mariña.

Segundo: Poñer a disposición do SERGAS a utilización e ocupación da parcela citada para a construción dun Centro de Saúde.

Vilagarcía de Arousa, 17 de novembro de 2021.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Convenio entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e o Concello para a utilización da parcela da antiga Comandancia de Mariña, así como a posta a disposición do SERGAS da utilización da parcela citada para construción dun Centro de Saúde.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10) e PP (3), 1 abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos e dous votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

Primeiro: Aprobar o Convenio entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e o Concello para a utilización da parcela da antiga Comandancia da Mariña.

Segundo: Poñer a disposición do SERGAS a utilización e ocupación da parcela citada para a construción dun Centro de Saúde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE

AROUSA, Á REDE DE CIDADES POLA BICICLETA, ASÍ COMO AO SISTEMA DE REXISTRO DE BICICLETAS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta de PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO E MOBILIDADE, do seguinte teor:

ASUNTO: AHDESIÓN REDE DE CIDADES POLA BICICLETA - RCxB

A Rede de Cidades pola Bicicleta é unha asociación creada en 2009 e composta actualmente por 117 asociados que representan a mais de 550 municipios, principalmente entidades locais.

A RCxB ten por obxecto a xeración dunha dinámica entre as cidades españolas co fin de facilitar, facer máis segura e desenvolver a circulación dos ciclistas, especialmente no medio urbano, realizando para todo elo todas as accións necesarias para impulsar a bicicleta como medio de transporte e intensificando as iniciativas adoptadas co mesmo obxectivo polas Administracións Públicas, asociacións e demais axentes sociais.

Poderán pertencer á asociación aquelas entidades públicas ou os seus entes instrumentais que promovan mediante un plan estratéxico, plans sectoriais, plans directores, similares ou liñas de actuación que favorezan, no marco da mobilidade sostible, a circulación en bicicleta na súa cidade ou territorio.

O Concello de Vilagarcía de Arousa desexa promover o uso da bicicleta de maneira segura e sostible e para elo solicita adherirse á Rede de Cidades pola Bicicleta e ao sistema de rexistro de bicicletas que puxo en funcionamento a RCxB baixo a denominación de BiciRegistro e cuxa implantación require un protocolo a seguir.

Para elo se dotará do crédito necesario nos orzamentos municipais para cumprir coas obrigas como socio activo da Rede de Cidades pola Bicicleta, tendo en conta que os 12 primeiros meses está exento de pago, por tanto, no ano en curso non se emitirá ningunha factura e o ano posterior á alta, unicamente a parte proporcional que reste ata final de ano, sendo sempre en xaneiro a emisión da factura.

Igualmente designarase un representante institucional ante a asociación, que poderá ser delegado, de forma puntual ou indefinidamente, en cargos electos ou técnicos da institución para a súa participación nas diversas reunións da mesma.

Polo exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- A adhesión do concello de Vilagarcía de Arousa á Rede de Cidades pola Bicicleta – RCxB ao sistema de rexistro de bicicletas que puxo en funcionamento a RCxB baixo a denominación de BiciRegistro.

2.- Aceptar os compromisos citados anteriormente.

3.- Designar como representante do Concello a Dona Paola María Mochales (Concelleira Delegada de Urbanismo e Mobilidade).

Vilagarcía de Arousa, 17 de novembro de 2021.

A CONCELLEIRA DELEGADA,

Asdo: Paola María Mochales

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa á Rede de Cidades pola Bicicleta, así como ao sistema de rexistro de bicicletas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e tres abstencións dos Concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP (3)

ACÓRDASE Por maioría:

1.- A adhesión do concello de Vilagarcía de Arousa á Rede de Cidades pola Bicicleta – RCxB ao sistema de rexistro de bicicletas que puxo en funcionamento a RCxB baixo a denominación de BiciRegistro.

2.- Aceptar os compromisos citados anteriormente.

3.- Designar como representante do Concello a Dona Paola María Mochales (Concelleira Delegada de Urbanismo e Mobilidade).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=9>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=10>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ADHESIÓN DO CONCELLO Á INICIATIVA “MUNICIPIOS CONTRA O MALTRATO” DE ANTENA 3 E FUNDACIÓN MUTUA MADRILEÑA.- Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Servizos Socais e Igualdade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción Presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 9 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 25 de novembro de 2021 a seguinte MOCIÓN:

"Adhesión do Concello de Vilagarcía á iniciativa ‘Municipios contra el maltrato’ de Antena 3 e Fundación Mutua Madrileña"

EXPOÑEN

En novembro de 2015, coincidindo co Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero, a Fundación Mutua Madrileña e Antena 3 Noticias puxeron en marcha a acción de Responsabilidade Corporativa ‘Contra el maltrato: Tolerancia Cero’.

Unha iniciativa de acción social de carácter anual, dirixida a sensibilizar á poboación sobre a problemática do maltrato e que ao longo dos últimos anos recibiu numerosas distincións por parte do Goberno de España e de varias comunidades autónomas. Entre os cales destaca o concedido en 2017 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade polo seu traballo na loita contra a violencia de xénero. Así mesmo, esta iniciativa foi recoñecida por ONU Mulleres como caso de éxito á hora de abordar unha problemática social por un medio.

A campaña deste ano leva o nome de ‘Municipios contra el maltrato’ e supón un chamamento directo á mobilización na loita fronte á violencia de xénero implicando aos municipios de España. Recoñecendo así a labor de aqueles municipios máis comprometidos contra o maltrato.

Para formar parte desta iniciativa – á que xa se sumaron máis de 120 concellos de toda España – e así ampliar o seu compromiso contra a violencia de xénero, levando á práctica novas políticas e liñas de acción contra esa lacra, os concellos deben asumir polo menos cinco dos nove compromisos recollidos na web

www.municipioscontraelmaltrato.com, completar un formulario de inscrición e envialo a municipios.toleranciacer@atresmedia.com.

Dado que Vilagarcía de Arousa demostrou ser sempre un concello comprometido ao 100% na loita contra a violencia de xénero e o maltrato, desde o Grupo Municipal Popular consideramos que sumarnos a esta iniciativa constituiría un recoñecemento público a este compromiso.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía solicita a adopción

dos seguintes

ACORDOS

1. Iniciar os trámites precisos para que o Concello de Vilagarcía se sume á campaña 'Municipios contra el maltrato'.

2. Aprobar no pleno municipal a declaración precisa para a adhesión: "Este es un municipio que contra el maltrato a las mujeres tiene tolerancia cero. Se protegerá a las víctimas y se colaborará a perseguir a los maltratadores con la Justicia y con la Policía. Y se realizarán todos los esfuerzos que pueda realizar este Ayuntamiento para evitar que en este se produzca ningún maltrato a las mujeres".

3. Facer unha programación axeitada aos requisitos que establece a campaña para formar parte dela.

En Vilagarcía de Arousa, a 9 de novembro de 2021.

Ana Granja Guillán

Voceira do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo polo grupo político municipal do PP sobre a adhesión do Concello á iniciativa "Municipios contra o maltrato" de Antena 3 e Fundación Mutua Madrileña.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catro votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3) e Ciudadanos (1) e doce abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10, Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e,

1. Iniciar os trámites precisos para que o Concello de Vilagarcía se sume á campaña 'Municipios contra el maltrato'.

2. Aprobar no pleno municipal a declaración precisa para a adhesión: "Este es un municipio que contra el maltrato a las mujeres tiene tolerancia cero. Se protegerá a las víctimas y se colaborará a perseguir a los maltratadores con la Justicia y con la Policía. Y se realizarán todos los esfuerzos que pueda realizar este Ayuntamiento para evitar que en este se produzca ningún maltrato a las mujeres".

3. Facer unha programación axeitada aos requisitos que establece a campaña para formar parte dela.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS E A REORGANIZACIÓN DOS LOCAIS MUNICIPAIS.- Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 17 de novembro de 2021, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de novembro, a seguinte moción:

Moción para a actualización do inventario de bens e dereitos e a reorganización dos locais municipais.

No informe de intervención sobre a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2021 no apartado IV Limitacións, se sinalaba que:

"Limitacións á determinación da imaxe fiel: Respecto ao inmovilizado, compre sinalar que o inventario municipal, ao igual que se viña sinalando en informes anteriores, é deficiente, non

contando cunha valoración axeitada, e iso levou a que non se contemplasen amortizacións nin depreciacións do inmovilizado, se ben estase a traballar na súa actualización esperando que poidan acometerse o antes posible as labores que permitan o seu correcto reflexo contable."

Isto a pesar de que no mesmo informe se admitía que a regra 16 da ICAI dispón literalmente que:
"1.- La entidad contable deberá contar con el oportuno Inventario de bienes y derechos que, de conformidad con la legislación patrimonial, detalle de forma individual los diversos elementos del inmovilizado que tiene registrados en su contabilidad.

2.- En el caso de que no exista la necesaria coordinación entre la contabilidad y el Inventario General, la entidad deberá contar con un inventario específico, de carácter contable, para detallar individualmente su inmovilizado".

Concluíndo o informe que "en consecuencia, non se trata dun informe de fiscalización completa das contas do exercicio, senón dunha revisión limitada que permita elaborar certas observacións respecto ás cifras agregadas que resultan".

O Art. 32 da Lei 33/2003 de 3 de Nov. (Patrimonio das AAPP) establece a obriga de toda Administración Pública de inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que están a ser dedicados.

En conexión co anterior, e polo que toca ás Entidades Locais, o Art. 18 do L-1252556 sinala o seguinte:

"As Corporacións locais están obrigadas a formar inventario de todos os seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

Con suxeición ás normas contidas nesta sección, formaranse inventarios separados dos bens e dereitos pertencentes a entidades con personalidade propia e dependentes das Corporacións locais.

Igualmente, formaranse inventarios separados dos bens e dereitos pertencentes a establecementos con personalidade propia e independente, se a lexítima representación correspondera ás Corporacións locais."

Os epígrafes do Inventario de Bens das Corporacións locais son os seguintes:

- 1.º Inmóbeles (no expresaranse os datos sinalados no Art. 20).
- 2.º Dereitos reais (co contido sinalado no Art. 21).
- 3.º Móbeles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico (Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño (Regulamento de bens das entidades locais)-22).
- 4.º Valores mobiliarios, créditos e dereitos, de carácter persoal da Corporación (Art. 23, polo que toca aos primeiros, e Art. 24 os segundos).
- 5.º Vehículos (Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño (Regulamento de bens das entidades locais)-25).
- 6.º Semoventes (Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño (Regulamento de bens das entidades locais)-26).
- 7.º Móbeles non comprendidos nos anteriores enunciados (Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño (Regulamento de bens das entidades locais)-27).
- 8.º Bens e dereitos revertibles (Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño (Regulamento de bens das entidades locais)-28).

Do que se deduce que esta corporación ten a obriga de poñer todos os medios para a actualización do inventario de bens e dereitos con rigor e así favorecer a exacta xestión e exame das contas, tal e como se lle debe esixir a un concello desta entidade.

En relación aos ben inmóbeles, queremos sinalar que, na actualidade, en Vilagarcía existen un número importante de asociacións e colectivos que veñen desenvolvendo actividades de distintos eidos que facilitan a creación de comunidade e dinamizan a nosa vila. Algúns deses colectivos dispoñen de espazos municipais onde desenvolver as súas actividades, pero outros, de creación máis recente, dependen da solicitude de acceso e a ocupación dos distintos espazos municipais dispoñibles. Isto pode resolver cuestións puntuais relativas a actos e actividades concretas, pero dificultan a xestión da actividade diaria ao non dispoñer dun punto de encontro habitual ou un espazo onde gardar o material que van acumulando ditos colectivos. A actualización do inventario de inmóbeles municipais segundo a súa utilización facilitaría que o Concello optimizara o seu uso, poñendo á disposición dos colectivos os espazos que na actualidade estean infrautilizados ou baleiros e permitiría coñecer as necesidades reais ao respecto, co fin de resolvelas e do impulso e apoio ao tecido asociativo municipal.

Polo exposto propoñemos ao pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa os seguintes

ACORDOS:

- Instar ao Concello de Vilagarcía á actualización, na maior brevidade posible, do inventario municipal de bens e dereitos de maneira que reflectan con exactitude a situación actual do Concello e segundo os epígrafes esixibles ás corporacións locais.
- Destinar os recursos económicos e humanos necesarios para a actualización do inventario municipal.
- Incluír a inmediata actualización do inventario de inmóbeles e a súa situación segundo o uso para redefinir os usos daqueles que actualmente estean infrautilizados.

- Publicar na web municipal o catálogo de inmobles e recursos materiais dispoñibles co fin de fomentar e facilitar o seu uso entre as asociacións e colectivos da veciñanza. Estudar a posibilidade da habilitación da súa reserva e solicitude a través da certificación electrónica na web.
- Elaborar unha guía de uso e coidado dos espazos municipais para as entidades e colectivos aos que se ceda o seu uso tanto temporal como permanente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e cidadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a actualización do inventario de bens e dereitos e a reorganización dos locais municipais.

Polo grupo político municipal do PSG-PSOE presentanse as seguintes emendas:

Suprimir da proposta de acordo os seguintes apartados:

Estudar a posibilidade da habilitación da súa reserva e solicitude a través da certificación electrónica na web.

Elaborar unha guía de uso e coidado dos espazos municipais para as entidades e colectivos aos que se ceda o seu uso tanto temporal como permanente.

Polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (16 de 21)

ACÓRDASE: Instar ao Concello de Vilagarcía á:

- Actualización, na maior brevidade posible, do inventario municipal de bens e dereitos de maneira que reflectan con exactitude a situación actual do Concello e segundo os epígrafes esixibles ás corporacións locais.
- Destinar os recursos económicos e humanos necesarios para a actualización do inventario municipal.
- Incluír a inmediata actualización do inventario de inmobles e a súa situación segundo o uso para redefinir os usos daqueles que actualmente estean infrutilizados.
- Publicar na web municipal o catálogo de inmobles e recursos materiais dispoñibles co fin de fomentar e facilitar o seu uso entre as asociacións e colectivos da veciñanza.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- PROBABACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN PARA A MELLORA DA SINALIZACIÓN VIARIA HORIZONTAL.- Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 16 de novembro de 2021, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción campaña mellora sinalización viaria horizontal.

Exposición de Motivos.

A humanización da cidade non pode ser únicamente un slogam, se moitos coincidimos en mudar os paradigmas de mobilidade urbá, baixo estas actuacións non poden esquecerse actuacións básicas que contribúen de forma fundamental a facilitar a seguridade peonil como é un correcto mantemento da sinalización horizontal.

Fronte a isto observamos numerosos lugares onde apenas se perciben esta sinalización, incluído a desaparición por falta de mantemento ou directamente por actuacións recentes de numerosos pasos de peóns, ou a contradicción da sinalización por convivencia de sinalizacións de diferentes momentos.

Compre polo tanto actuar sobre esta situación co obxectivo de mellorar a protección dos peóns e a prevención de accidentes, así como axudar a identificar lugares e situación de risco, evitando situación como as denunciadas pola veciñanza nos últimos días na contorna da capela de San Xosé.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda

A realización de forma urxente dos traballos necesarios de repintado, instalación ou reparación e conservación de tódolos sinais horizontais das vías públicas do noso término municipal.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para a mellora da sinalización viaria horizontal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (16 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en común e proceder á realización de forma urxente dos traballos necesarios de repintado, instalación ou reparación e conservación de tódolos sinais horizontais das vías públicas do noso término municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN SOBRE INFORMACIÓN DO TRÁFICO RODADO E O MERCADO NO ENTORNO DA PRAZA DE ABASTOS. Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de novembro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Vilagarcía en Común, coa data de 16 de novembro de 2021, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción INFORMACION INFORME TRÁFICO

Exposición de Motivos.

O pasado mes de setembro o grupo municipal de Vilagarcía en Común, preocupado pola perigosidade aparente da convivencia da circulación e o mercado de Vilagarcía, solicitamos por rexistro copia do informe que avalaba esta actuación.

A día de hoxe, nin o noso grupo nin outros grupos da corporación que pediron a mesma información recibimos o informe ao que facía referencia o Goberno local para xustificar as obras da rúa Alexandre Bóveda e idoneidade da convivencia do mercado e o tráfico rodado.

Ademáis nas últimas horas, usuarios da praza de abastos veñen de amosar a súa disconformidade coa falla de información sobre os prazos e execucións destas obras, que como é evidente estána provocar numerosos inconvinientes aos negocios afectados polas mesmas.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda

Primeiro.- Entregar no prazo de 24H copia do informa da policía local que xustifica a idoneidade da convivencia do tráfico rodado e o mercado no entorno da Praza de Abastos.

Segundo.- Manter unha vía directa de información o máis áxil posible cos comerciantes da praza de abastos, para que coñezan de forma inmediata o prazos e situacións concretas durante a realización das citadas obras.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre información do tráfico rodado e o mercado no entorno da Praza de Abastos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e dez votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (10).

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común sobre información do tráfico rodado e o mercado no entorno da Praza de Abastos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

a) A Sra. García Sanmartín responde ás preguntas formuladas na anterior sesión plenaria.

b) Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

As preguntas formuladas serán respondidas no vindeiro Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente á sesión se formulan preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20211125&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.